



D. Senén Ramos Álvarez  
(Pte. Club de Monteiro Ribeira Sacra)  
Ramón Cabanillas, 7-1º A  
32004 Ourense (Ourense)

Expediente: F.7.Q/2065/10

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2011

Estimado Sr.:

Consonte coa nosa comunicación do 11 de abril (Rex. saída nº 3299), participolle que o expediente de transformación do coto privado de caza "O carballal" OU-10.089 en Tecor de carácter societario foi resolto mediante resolución do Conselleiro do medio Rural, de data 11 de abril de 2011, co contido que se transcribe:

*"Examinada a documentación contida no expediente, así como a proposta formulada polo Servizo de Caza e Pesca Fluvial, coa conformidade da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, e vistas as disposicións legais citadas e demais normativa de xeral aplicación, resolvo a aprobación da:*

*Extinción do coto privado de caza "O Carballal" OU-10.089, do concello de Laza, ao non acadar a superficie mínima esixida pola Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, para constituir un Tecor.*

*Vedar temporalmente as 1.407ha. correspondentes coa suma da superficie orixinal do coto privado de caza mais a superficie do monte vecinal en man comúm "Serra de Toro", ata que en cumprimento do establecido na Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, se declare para estes terreos, algunha das figuras que para aos efectos se recollen na Lei, podendo permitir ao titular cinexético dos mesmos, previa autorización por parte do Servizo Provincial de Conservación da Natureza de Ourense, a realización dun control da poboación de xabaril cando esta ocasione danos.*

*A sociedade de cazadores San Mamede deberá retirar as tablillas sinalizadoras do coto privado de caza no prazo dun mes dende a notificación desta resolución, procedéndose en caso contrario, a facelo polo persoal desta Consellería ao seu cargo. Estes terreos deberán permanecer sinalizados como vedados de caza, de acordo co disposto na Orde do 23 de xullo de 2002 pola que se regula a sinalización nos terreos cinexéticos e mailas disposicións complementarias ditadas ó efecto, correspondendo realizar os traballos de sinalización á sociedade de cazadores San Mamede, (titular cinexético dos mesmos)."*